



## CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A UNIVERSIDADE DE VIGO POR MANIFESTACIÓNS MISÓXINAS, HOMÓFOBAS, MACHISTAS E DE APOLOXÍA DA VIOLENCIA

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O STEG solidarízase coas súas afiliadas da Universidade de Vigo e coas persoas que se viron forzadas a levar esta institución aos tribunais ante a súa permisividade no uso dunha conta de correo institucional para enviar contidos do tipo anteriormente indicado.

O Xefe de Sección do Servizo de contratación hai moitos anos que fai comunicacións onde se incita ao uso da violencia e á discriminación cultural, política ou sexual, con contidos atentatorios contra a intimidade e a honra ou sexualmente explícitos, o cal á marxe do dubidoso gusto supón un claro caso de acoso moral e de vulneración do dereito de igualdade.

Este xefe de sección fixo moitas das súas comunicacións electrónicas desde a propia conta institucional (xascopo@uvigo.es), mesmo en horario laboral e a listas de correo da comunidade universitaria. A pesar das innúmeras denuncias e queixas presentadas por colectivos ou por persoas individuais perante os responsábeis da Universidade (Reitor, Xerencia e Unidade de Igualdade), a institución fecha fileiras e teima en protexer ao xefe de sección argüíndo que "o contido das mensaxes podería estar amparado polo que permite a liberdade de expresión".

Ante tal situación non podemos senón manifestar o noso estupor e asombro, apoiando sen reservas esta acción nos tribunais na confianza de que a xustiza prevaleza e que feitos de tamaña gravidade sexan debidamente corrixidos e punidos.

O martes 29 de setembro o STEG estará presente ás 10h 25 vista que terá lugar no Tribunal Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Animámosvos tamén a que vos xunteades a nós como acto de solidariedade e de apoio para coas vítimas deste acoso.

Permanente do Secretariado Nacional do STEG

28 de setembro de 2015